ANEXO II
TABLAS DE VENDAS DE AMEIXA SEGÚN ZONA NOS PRIMEIROS 9 MESES (1998-2004)

Análise dos nove primeiros meses de cada ano (datos absolutos)

Especie	Zona	Anos 2004	2003	2002	2001	2000	1999	1998
AMEIXA BABOSA		**674.044**	**689.785**	**893.332**	**853.797**	**1.170.479**	**1.627.139**	**1.565.819**
	COSTA LUCENSE	1.228	1.184	973	986	1.139	1.009	708
	CORUÑA NORTE		4	87	587	355	847	1.518
	RÍA DE FERROL	169.588	176.661	159.215	263.677	317.156	353.630	528.035
	ARCO ÁRTABRO	26.044	21.305	23.606	13.268	17.315	18.036	17.841
	COSTA NOROESTE	1.614		39	2.663	606	1.171	472
	RÍA DE MUROS-NOIA	25.521	14.925	7.344	3.739	19.179	63.099	42.193
	RÍA DE AROUSA	304.239	320.386	518.129	360.534	637.070	1.071.686	884.979
	RÍA DE PONTEVEDRA	112.845	123.884	105.343	69.457	64.560	3.793	26.700
	RÍA DE VIGO	32.966	31.436	78.597	138.885	113.100	113.869	63.374
AMEIXA FINA		**478.845**	**459.264**	**511.707**	**420.321**	**524.939**	**531.704**	**537.604**
	COSTA LUCENSE	902	806	1.051	772	659	1.192	2.315
	CORUÑA NORTE	1.229	2.021	4.143	8.380	8.065	7.401	9.798
	RÍA DE FERROL	22.669	18.955	14.518	4.890	4.504	5.991	2.401
	ARCO ÁRTABRO	28.893	21.563	24.065	12.135	21.326	9.537	15.510
	COSTA NOROESTE	12.245		5.486	4.935	15.130	13.846	5.239
	RÍA DE MUROS-NOIA	45.410	3.900	44.057	45.170	54.658	48.394	39.352
	RÍA DE AROUSA	229.599	214.299	220.121	183.466	329.417	361.191	319.457
	RÍA DE PONTEVEDRA	109.596	184.605	177.136	144.554	65.231	57.334	135.017
	RÍA DE VIGO	28.303	13.114	21.130	16.019	25.950	26.818	8.515
AMEIXA RUBIA		**128.689**	**157.396**	**298.467**	**276.047**	**303.914**	**120.009**	**145.352**
	RÍA DE FERROL	488	453	1.608				5
	COSTA NOROESTE					15.184		5.964
	RÍA DE MUROS-NOIA	7.494	25.600	3.943	19	54	1.905	9.193
	RÍA DE AROUSA	76.488	88.056	238.038	212.343	254.713	96.019	113.167
	RÍA DE PONTEVEDRA	5.996	1.070	2.529	9.387	624	2.241	1.666
	RÍA DE VIGO	38.224	42.217	52.349	54.299	33.339	19.844	15.357
AMEIXA XAPONESA		**499.285**	**434.170**	**435.252**	**220.550**	**514.076**	**487.247**	**465.446**
	COSTA LUCENSE	118						
	CORUÑA NORTE	5.560	8.752	2.760	15.323	95	111	472
	ARCO ÁRTABRO	1.129						
	COSTA NOROESTE	52.647	16.737	28.684	11.672	13.435	10.217	
	RÍA DE MUROS-NOIA	1.650	28	611				6
	RÍA DE AROUSA	316.942	322.698	373.504	183.740	484.032	460.289	464.657
	RÍA DE PONTEVEDRA	21.266	31.719	2.341	696	577		
	RÍA DE VIGO	99.972	54.236	27.353	9.118	15.938	16.630	311
TOTAL ESPECIES		**1.780.863**	**1.740.616**	**2.138.758**	**1.770.714**	**2.513.408**	**2.766.099**	**2.714.221**

ANEXO III

TABLAS DE VENDAS DE AMEIXA SEGÚN LONXA NAS ZONAS MAIS AFECTADAS POLO PRESTIGE NOS PRIMEIROS 9 MESES (1998-2004)

Costa Noroeste Comparativa dos primeiros nove meses do ano dende 1998 a 2004 para a ameixa babosa por lonxas

	2004			2003		2002		2001	2000	1999	1998			
	días	Kg	2004 - promedio	días	Kg	días	Kg	Kg	Kg	Kg	Kg	promedio	máximo	mínimo
CAMARIÑAS	10	1.252	231					2.028	418	1.166	472	1.021	2.028	418
CORCUBION	4	362	276					64	189	5		86	189	5

Costa Noroeste Comparativa dos primeiros nove meses do ano dende 1998 a 2004 para a Ameixa fina por lonxas

	2004			2003		2002		2001	2000	1999	1998			
	días	Kg		días	Kg	días	Kg	Kg	Kg	Kg	Kg	promedio	máximo	mínimo
CAMARIÑAS	63	11.150	2.696			19	3.564	3.798	12.338	12.954	4.723	8.454	12.954	3.798
CORCUBION	7	635	-251			15	1.207	180	1.745	732		886	1.745	180
LIRA-CARNOTA	5	113	1			1	12		64	160		112	160	64

Costa Noroeste Comparativa dos primeiros nove meses do ano dende 1998 a 2004 para a Ameixa xaponesa por lonxas

	2004			2003		2002		2001	2000	1999	1998			
	días	Kg		días	Kg	días	Kg	Kg	Kg	Kg	Kg	promedio	máximo	mínimo
CAMARIÑAS	92	52.647	40.872	26	16.737	57	28.684	11.672	13.435	10.217		11.775	13.435	10.217

Comparativa dos primeiros nove meses do ano dende 1998 a 2004 para toda Galicia

	2004			2003		2002		2001	2000	1999	1998			
	días	kg	2004 - promedio	días	kg	días	kg	kg	kg	kg	kg	promedio	máximo	mínimo
Ameixa babosa	**193**	**674.044**	**-548.069**	**179**	**689.785**	**191**	**893.332**	**853.797**	**1.170.479**	**1.627.139**	**1.565.819**	**1.222.113**	**1.627.139**	**853.797**
Ameixa fina	**194**	**478.845**	**-26.410**	**189**	**459.264**	**192**	**511.707**	**420.321**	**524.939**	**531.704**	**537.604**	**505.255**	**537.604**	**420.321**
Ameixa rubia	**188**	**128.689**	**-100.069**	**166**	**157.396**	**186**	**298.467**	**276.047**	**303.914**	**120.009**	**145.352**	**228.758**	**303.914**	**120.009**
Ameixa xaponesa	**192**	**499.285**	**74.770**	**188**	**434.170**	**188**	**435.252**	**220.550**	**514.076**	**487.247**	**465.446**	**424.514**	**514.076**	**220.550**

ANEXO IV
INFORME CLIMATOLOXICO

Factores climatolóxicos: análise feito polo Departamento de Condicións Oceanográficas e Fitoplancto do Centro de Control do Medio Marino. (Dña Yolanda Pazos González e Dña Ángeles Moroño Mariño)

INFORME SOBRE EVOLUCIÓN TEMPORAL (1998-2004) DE TEMPERATURA, SALINIDADE, FLUORESCENCIA E CLOROFILA *a* NA AUGA DO MAR EN CATRO ESTACIÓNS OCEANOGRÁFICAS: RIBADEO, CORME, BOCA SUR DA RÍA DE PONTEVEDRA E RAXÓ.

Metodoloxía:

O programa de traballo semanal do Departamento inclúe, dende o ano 1992, a realización de 55 estacións de mostraxe que abarcan toda a costa galega. Estas estacións pódense agrupar en dous tipos: Estacións Oceanográficas, que se monstrean dende embarcación oceanográfica e Estacións Costeiras que se monstrean a pé de praia. As Estacións Oceanográficas (39) cubren as Rías Baixas e a Ría de Ares-Betanzos. As Estacións Costeiras (16) están distribuídas ó longo da costa galega (Fig. 1).



Fig.1. Localización xeográfica das estacións de mostraxe semanal do CCMM citadas neste informe. Nas Estacións Oceanográficas recóllense, entre outros, datos de temperatura, salinidade e fluorescencia, mediante sensores integrados nunha batisonda oceanográfica multiparamétrica CTD modelo SBE 25 Sealogger. Esta sonda almacena catro datos por segundo en toda a columna de auga de cada estación. Nas Estacións Costeiras recóllese, na zona intermareal, un dato puntual para cada variable (temperatura e salinidade) mediante un equipo portátil multiparamétrico.



Fig. 2. Localización xeográfica e profundidade máxima das estacións de mostraxe semanal do CCMM na Ría de Pontevedra. Neste informe analízanse os datos das estacións P3 e P4.

En tódalas estacións fíltranse 100 ml de auga a través de filtros de fibra de vidro. Tras unha extracción en acetona faise unha análise de clorofila *a* por espectrofluorimetría. Tanto a concentración de clorofila *a* como a fluorescencia, medida mediante sensor integrado nun CTD, son indicadores de biomasa de fitoplancto e, polo tanto, de producción primaria.

Observacións:

A evolución temporal da temperatura e salinidade na columna de auga na estación da Boca Sur (P4) da Ría de Pontevedra (Fig. 3) amosa, cada ano, os períodos de afloramento entre aproximadamente maio e outubro. Pódese seguir con claridade na evolución da isoterma de 13 ºC e isohalina de 35.5. Este efecto, aínda que se pode observar, está moito máis suavizado na estación interna P3 (Fig. 4). En superficie, obsérvanse os máximos de temperatura a finais do período estival especialmente significativos na estación interna P3.
Na seguinte táboa, extraída do anterior "INFORME SOBRE TEMPERATURA DA AUGA DO MAR, NA RÍA DE PONTEVEDRA, EN AGOSTO DE 2004" do 1 de setembro de 2004, pódense avaliar os máximos de temperatura da auga de mar detectado durante o mes de agosto durante o período 1994-2004 para cada estación oceanográfica da Ría de Pontevedra. Os máximos históricos na parte interna da Ría de Pontevedra no mes de agosto de 2004, foron a consecuencia dun proceso oceanográfico de afundimento de augas superficiais costeiras máis cálidas en orixe e dun requentamento nas zonas internas, debido á insolación e ó bloqueo da circulación estuárica.

Táboa 1. Máximo de temperatura da auga de mar detectado durante o mes de agosto durante o período 1994-2004 para cada estación oceanográfica da Ría de Pontevedra.

Estación	Temperaturas máximas (ºC) en agosto do período 1994-2004										
	94	**95**	**96**	**97**	**98**	**99**	**00**	**01**	**02**	**03**	**04**
PO (Combarro)	20,8	18,1	20,4	20,6	18,2	21,0	20,0	19,4	17,9	20,3	22,7
P1 (Aldán)	18,1	17,1	18,2	19,2	16,5	18,6	17,5	17,1	16,5	18,0	21,1
P2 (Bueu)	18,8	16,8	19,4	19,8	17,9	19,7	17,2	20,0	17,8	20,2	22,1
P3 (Raxó)	20,1	18,1	20,2	20,8	18,5	21,4	18,4	20,9	18,1	21,0	22,7
P4 (Boca Sur)	17,9	16,5	18,4	18,5	15,4	19,0	16,3	19,3	15,3	18,6	21,3
P5 (Boca Norte)	17,7	17,3	18,5	19,9	18,1	19,3	17,6	19,0	15,7	19,3	21,9
P6 Tambo	19,6	17,7	20,1	20,6	18,5	21,2	19,0	21,2	18,2	21,0	22,7
P7 (Aldán 2)	19,0	17,8	18,6	20,3	17,0	19,7	18,2	19,9	17,0	18,8	22,3
P8 (Bueu B)	19,2	17,6	19,7	20,7	17,5	19,4	17,5	20,2	17,0	20,3	22,4
P9 (Raxó C)	19,9	17,7	19,8	20,9	16,6	20,9	19,3	20,8	18,1	20,3	22,6
PA (Ons)		16,6	17,6	19,1	17,3	18,3	16,6	17,8	14,5	18,4	20,9

En superficie, os mínimos reflicten os descensos en salinidade debidos á pluviosidade. É destacable un período de 6 meses de salinidade mínima, na estación de Raxó, dende finais de 2000 ata mediados de 2001.

As proliferacións de fitoplancto amosan os seus máximos na estación de afloramento (maio-outubro) nun nivel subsuperficial en resposta as condicións oceanográficas e en especial ó incremento de nutrinte polo afloramento.

A relaxación dos afloramentos, xunto co incremento da insolación conduce ó establecemento de termoclinas que producen unha situación de estabilidade e ralentización da circulación estuárica. Nesta situación o fitoplancto no se dispersa e prodúcense as máximas concentracións. Outro proceso que conduce a situacións de forte estabilidade é cando se xeran haloclinas por aportes fluviais elevados. Nestas situacións de estabilidade toman vantaxe adaptativa as especies microscópicas que teñan capacidade de sobrevivir en situacións de nutrinte esgotados: migración vertical, formación de cadeas, nutrición mixotrófica, halelopatías...

As gráficas lineais de evolución temporal de valores integrados, de 0 a 5 metros, de temperatura, salinidade e concentración de clorofila *a* (Figs. 5 e 6), na Ría de Pontevedra, amosan con claridade a sucesión de ciclos anuais. Estes ciclos anuais son moi evidentes en temperatura (distribución case normal) e clorofila *a*, cos mínimos no inverno e máximos no período de afloramento. Debido ó crecemento exponencial do fitoplancto obsérvanse, sobre a distribución xeral, máximos puntuais. A evolución da salinidade amosa os mesmos ciclos anuais sendo mais difícil de interpretar porque non sigue unha distribución normal. Nestas figuras destacan os máximos de temperatura no verán de 2004 e os descensos prolongados de salinidade dende finais de 2000 ata mediados de 2001 e dende finais de 2002 ata mediados de 2003.

Nas gráficas lineais de evolución temporal en superficie de temperatura, salinidade e concentración de clorofila *a* (Figs. 7 e 8), nas estacións costeiras de Ribadeo e Corme, pódense observar os mesmos ciclos anuais para temperatura e concentración de clorofila *a* descritos para as estacións da Ría de Pontevedra. A variable salinidade amosa un maior rango de variabilidade, con bruscos descensos, especialmente na estación C5 (Corme) debido á localización destes puntos de mostraxe en zonas intermareais. Son, polo tanto, estacións especialmente afectadas polo intercambio mareal e os aportes terríxenos de auga doce.

Con obxecto de facilitar a comparación interanual para estas variables e a localización de máximos

e mínimos, preséntanse as figuras 9 a 12.



Fig. 3. Evolución temporal da distribución vertical de temperatura, salinidade e fluorescencia na estación P4 (Boca Sur) da Ría de Pontevedra, dende o 1 de xaneiro de 1998 ata o 2 de setembro de 2004.



Fig. 4. Evolución temporal da distribución vertical de temperatura, salinidade e fluorescencia na estación P3 (Raxó) da Ría de Pontevedra, dende o 1 de xaneiro de 1998 ata o 2 de setembro de 2004.



Fig. 5. Evolución temporal da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade. Datos integrados de 0 a 5 metros na estación P4 (Boca Sur) da Ría de Pontevedra.



Fig. 6. Evolución temporal da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade. Datos integrados de 0 a 5 metros na estación P3 (Raxó) da Ría de Pontevedra.



Fig. 7. Evolución temporal da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade en superficie da estación C5 (Corme).



Fig. 8. Evolución temporal da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade, en superficie da estación G1 (Ribadeo).



Fig. 9. Serie temporal (1998-2004) da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade. Datos integrados de 0 a 5 metros na estación P4 (Boca Sur) da Ría de Pontevedra.



Fig. 10. Serie temporal (1998-2004) da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade. Datos integrados de 0 a 5 metros na estación P3 (Raxó) da Ría de Pontevedra.



Fig. 11. Serie temporal (1998-2004) da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade. Datos en superficie na estación C5 da Ría de Corme-Laxe.



Fig. 12. Serie temporal (1998-2004) da concentración de clorofila *a*, temperatura e salinidade. Datos en superficie na estación G1 da Ría de Ribadeo.



Figura 13. Imaxe de temperatura superficial da auga do mar obtida mediante satélite, capturada da páxina do Instituto Español de Oceanografía de Santander correspondente a agosto de 2003.

ANEXO V
INFORME PATOLÓXICO EN MOLUSCOS BIVALVOS

INFORME PATOLÓXICO EN MOLUSCOS BIVALVOS

Departamento de Microbioloxía e Patoloxía
Liña de Patoloxía
Centro de Control do Medio Mariño
Ramón Damián Fernández Conchas

1. ANTECEDENTES

Informe sobre os problemas patolóxicos en ameixas cultivadas en Galicia en base ós datos dispoñibles no Laboratorio de Patoloxía.

2. INFORME

Os datos que se comentan corresponden ó período 2000 a 2004. O resume dos datos aparece reflectido na Táboa 1.

O primeiro que destacamos é que, na ampla maioría dos casos, non dispoñemos de datos de avaliación da mortalidade. Solo nalgunhas ocasións tivemos acceso a este dato, aportado polas Asistencias Técnicas das Confrarías implicadas.

Situación por especies.

As principais especies recibidas no Laboratorio corresponderon a ameixa fina, ameixa xaponesa e ameixa babosa.

No caso da ameixa fina (Táboa 2) recibíronse 19 mostras de diferentes zonas do litoral galego, en todos os anos do período estudiado. En semente de ameixa fina de Vilaboa detectouse unha mortalidade no 2000, posiblemente asociada a una vibriose, algo frecuente nesta etapa de crecemento. En ameixa fina de talla comercial detectáronse tres casos de presuntas mortalidades, ligados á presencia do protozoo *Perkinsus*: en Ortigueira, no 2000 e en Cariño e Barqueiro, no 2003. As condicións ambientais adversas e o estadio de desenrolo gonadal amosáronse coma outras posibles causas das presuntas mortalidades desta especie.

De ameixa babosa (Táboa 3) recibíronse 6 mostras, en todos os anos do período estudiado. En ameixa babosa de talla comercial detectáronse dous casos de presuntas mortalidades, ligados á presencia do protozoo *Perkinsus*: en Barallobre, no 2000 e en Redondela, no 2003.

En ameixa xaponesa (Táboa 4), das 8 mostras recibidas, 5 corresponderon á zona de Carril. Nesta zona, algunhas das presuntas mortalidades apareceron ligadas a presencia de anel marrón e Vibrio nos anos 2002 e 2003.

Situación por zonas.

Nunha primeira aproximación, non se observan zonas do litoral galego máis destacadas na incidencia de presuntas mortalidades en ameixa. En relación as mostras recibidas, as rías de procedencia foron:

- Ría de Arousa: 8 mostras.
- Ría de Vigo: 5 mostras.
- Ría de Pontevedra: 5 mostras.
- Ría de Ares-Betanzos: 3 mostras.
- Ría de Ortigueira: 2 mostras.
- Baldaio: 2 mostras.
- Ría de Ferrol: 1 mostra
- Ría da Coruña: 1 mostra
- Ría de Camariñas: 1 mostra.
- Ría do Barqueiro: 1 mostra.

A nivel local a área máis destacada é Carril, con 5 mostras recibidas.

Evolución anual

En relación ó número de casos rexistrados producironse un maior número de presuntas mortalidades nos dous últimos anos (Táboa 5). Merecen especial atención aqueles casos ocorridos contemporaneamente. Destacamos catro: En febreiro de 2003 dous casos de presunta mortalidade en Cariño e Redondela, onde a presencia de *Perkinsus* foi relevante; en outubro de 2003, dous presuntos casos de mortalidade en Aguiño e Ribeira; en xuño de 2004, dous presuntos casos de mortalidade en Rianxo e Carril; e en setembro de 2004, cinco presuntos casos de mortalidade en Camariñas, Aldán, Ameixal, Combarro e Lourizán. Os datos dispoñibles suxiren que os factores ambientais teñen, nestas situacións, un papel destacado.

Factores implicados

Ambientais. Os factores ambientais implicados nas presuntas mortalidades foron sempre difíciles de avaliar. En moitos casos non foi posible dispoñer de datos fiables próximos as zonas afectadas. Dentro das posibles causas que puideron influír nas presuntas mortalidades destacamos: baixadas de salinidade, por avenidas (casos de O Burgo e Ortigueira en 2001); posible contaminación orgánica (Arcade, no 2001); e temperaturas elevadas(Carril, en 2001, 2002, 2003 e 2004; Aldán, Camariñas, Luorizán, Combarro e Ameixal, no 2004).

Parasitos. *Perkinsus atlanticus* foi o parasito máis destacado, asociándose en cinco ocasións ás presuntas mortalidades. O parasito afectou a ameixa fina (Ortigueira, no 2000; Cariño e Barqueiro, no 2003) e ameixa babosa (Barallobre, no 2000; e Barqueiro, no 2003). A presencia de metacercarias de trematodo foi destacada nunha mostra de ameixa fina de Moaña, no 2001.

Bacterias. O grupo *Vibrio* foi o máis destacado, afectando a semente de ameixa fina e a adultos de ameixa xaponesa. A zona de Carril, con cultivos de ameixa xaponesa, foi a máis afectada, influenciada, quizás polas elevadas densidades de cultivo e por condicións ambientais adversas. A manifestación externa da patoloxía foi a presencia dun característico anel marrón no borde da cuncha.

Condición. Os períodos de postdesova foron os máis relacionados con episodios de presunta mortalidade, producíndose en ameixa fina nos meses do verán, especialmente no 2003 e 2004.

3. CONCLUSIÓNS

1. A maioría das mostras examinadas corresponden a casos de presuntas mortalidades, xa que estas non foran avaliadas.

2. A presencia de *Perkinsus* estivo posiblemente relacionada coas presuntas mortalidades de ameixa fina e babosa nos anos 2000 e 2003.

2. O coñecemento dos parámetros ambientais próximos ás zonas de producción e a súa propia dinámica (recrutamento, extracción,...) maniféstase como fundamental para facer un estudio máis completo destes episodios.

Táboa 1. Resumo dos principais problemas patolóxicos en ameixas de Galicia analizados polo CCCMM dende 2.000 a 2004.

ESPECIE	ZONA	DATA	TAXA DE MORTALIDADE	POSIBLES CAUSAS
Ameixa fina (semente)	Vilaboa	03/10/00	40%	Vibriose
Ameixa Babosa	Barallobre	29/11/00	Descoñecida	Condicións do substrato Presencia de *Perkinsus*
Ameixa Fina	Ortigueira	11/12/00	Descoñecida	Baixada de salinidade Presencia de *Perkinsus*
Ameixa babosa e Berberecho	O Burgo	26/02/01	38,4%	Ambientais: Baixada salinidade Modificacións no substrato
Ameixa xaponesa	Ortigueira	22/05/01	7%	Ambientais: Baixada salinidade
Ameixa xaponesa	Carril	25/06/01	Descoñecida	Ambientais
Ameixa xaponesa	Arcade	02/10/01	Descoñecida	Ambientais: Posible contaminación
Ameixa fina	Moaña	04/12/01	Descoñecida	Ambientais Trematodos
Ameixa fina (Importada de Tunicia)	Moaña	20/12/01	Descoñecida	Ambientais: Problemas de adaptación Manexo, transporte
Ameixa fina (Importada de Tunicia)	Pontedeume	30/01/02	40%	Ambientais: Problemas de adaptación Manexo, transporte
Ameixa xaponesa	Carril	11/02/02	Descoñecida	*Vibrio* (anel marrón)
Ameixa fina	Baldaio	29/04/02	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa xaponesa	Carril	13/05/02	Descoñecida	*Vibrio* (anel marrón)
Ameixa fina, babosa e xaponesa	Aldán	11/09/02	Descoñecida	Ambientais
Ameixa fina	Cariño	19/02/03	Descoñecida	*Perkinsus* Condicións ambientais
Ameixa babosa	Redondela	19/02/03	Descoñecida	*Perkinsus* Condicións ambientais
Ameixa xaponesa	Carril	17/03/03	80% (Patrón Maior)	Bacterias tipo *Vibrio* Condicións ambientais

Táboa 1 (Continuación). Resumo dos principais problemas patolóxicos en ameixas de Galicia analizados polo CCCMM dende 2.000 a 2004.

ESPECIE	ZONA	DATA	TAXA DE MORTALIDADE	POSIBLES CAUSAS
Ameixa fina	Vilaboa	29/04/03	Descoñecida	Desenrolo gonadal Condicións ambientais
Ameixa fina	Pasaxe	08/09/03	21,8%	Desenrolo gonadal Condicións ambientais
Ameixa fina	Miño	29/09/03	Descoñecida	Desenrolo gonadal Condicións ambientais
Ameixa fina	Barqueiro	07/10/03	Descoñecida	*Perkinsus* Condicións ambientais
Ameixa babosa	Ribeira	13/10/03	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa rubia	Aguiño	13/10/03	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa babosa	Baldaio	07/06/04	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa fina	Rianxo	21/06/04	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa xaponesa	Carril	22/06/04	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa fina	Pontedeume	05/07/04	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa fina	Aldán	07/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais
Ameixa fina	Camariñas	07/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais
Ameixa fina	Lourizán	07/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais Desenrolo gonadal
Ameixa fina	Ameixal	13/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais Desenrolo gonadal
Ameixa fina	Combarro	13/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais Desenrolo gonadal

Táboa 2. Resumo dos principais problemas patolóxicos en ameixa fina de Galicia analizados polo CCCMM dende 2.000 a 2004.

ESPECIE	ZONA	DATA	TAXA DE MORTALIDADE	POSIBLES CAUSAS
Ameixa fina (semente)	Vilaboa	03/10/00	40%	Vibriose
Ameixa Fina	Ortigueira	11/12/00	Descoñecida	Baixada de salinidade Presencia de *Perkinsus*

Ameixa fina	Moaña	04/12/01	Descoñecida	Ambientais Trematodos
Ameixa fina (Importada de Tunicia)	Moaña	20/12/01	Descoñecida	Ambientais: Problemas de adaptación Manexo, transporte
Ameixa fina (Importada de Tunicia)	Pontedeume	30/01/02	40%	Ambientais: Problemas de adaptación Manexo, transporte
Ameixa fina	Baldaio	29/04/02	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa fina, babosa e xaponesa	Aldán	11/09/02	Descoñecida	Ambientais
Ameixa fina	Cariño	19/02/03	Descoñecida	*Perkinsus* Condicións ambientais
Ameixa fina	Vilaboa	29/04/03	Descoñecida	Desenrolo gonadal Condicións ambientais
Ameixa fina	Pasaxe	08/09/03	21,8%	Desenrolo gonadal Condicións ambientais
Ameixa fina	Miño	29/09/03	Descoñecida	Desenrolo gonadal Condicións ambientais
Ameixa fina	Barqueiro	07/10/03	Descoñecida	*Perkinsus* Condicións ambientais
Ameixa fina	Rianxo	21/06/04	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa fina	Pontedeume	05/07/04	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa fina	Aldán	07/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais
Ameixa fina	Camariñas	07/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais
Ameixa fina	Lourizán	07/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais Desenrolo gonadal
Ameixa fina	Ameixal	13/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais Desenrolo gonadal
Ameixa fina	Combarro	13/09/04	Descoñecida	Condicións ambientais Desenrolo gonadal

Táboa 3. Resumo dos principais problemas patolóxicos en ameixa babosa de Galicia analizados polo CCCMM dende 2.000 a 2004.

ESPECIE	**ZONA**	**DATA**	**TAXA DE MORTALIDADE**	**POSIBLES CAUSAS**
Ameixa Babosa	Barallobre	29/11/00	Descoñecida	Condicións do substrato Presencia de *Perkinsus*
Ameixa babosa e	O Burgo	26/02/01	38,4%	Ambientais:

Berberecho				Baixada salinidade Modificacións no substrato
Ameixa fina, babosa e xaponesa	Aldán	11/09/02	Descoñecida	Ambientais
Ameixa babosa	Redondela	19/02/03	Descoñecida	*Perkinsus* Condicións ambientais
Ameixa babosa	Ribeira	13/10/03	Descoñecida	Descoñecidas
Ameixa babosa	Baldaio	07/06/04	Descoñecida	Descoñecidas

Táboa 4. Resumo dos principais problemas patolóxicos en ameixa xaponesa de Galicia analizados polo CCCMM dende 2.000 a 2004.

ESPECIE	ZONA	DATA	TAXA DE MORTALIDADE	POSIBLES CAUSAS
Ameixa xaponesa	Ortigueira	22/05/01	7%	Ambientais: Baixada salinidade
Ameixa xaponesa	Carril	25/06/01	Descoñecida	Ambientais
Ameixa xaponesa	Arcade	02/10/01	Descoñecida	Ambientais: Posible contaminación
Ameixa xaponesa	Carril	11/02/02	Descoñecida	*Vibrio* (anel marrón)
Ameixa xaponesa	Carril	13/05/02	Descoñecida	*Vibrio* (anel marrón)
Ameixa fina, babosa e xaponesa	Aldán	11/09/02	Descoñecida	Ambientais
Ameixa xaponesa	Carril	17/03/03	80% (Patrón Maior)	Bacterias tipo *Vibrio* Condicións ambientais
Ameixa xaponesa	Carril	22/06/04	Descoñecida	Descoñecidas

Táboa 5. Evolución do número de casos de presuntas mortalidades en ameixa rexistradas polo CCMM dende 2000 a 2004.